



BOLETIN DECENAL

Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

CONSELLOS DOS ALLEOS

## GALICIA A IRREDENTA

por CIRICI VENTALLÓ

«O día no que nos estalemos, Galicia ha ser o terror d'España e o asombro d'Europa y-até do mundo, porque noso problema rexional, inda mais que de lexítimas expansións e descentralización ademenistrativa, é de liquidación d'agravios, d'aldraxes, de vexacións e de carraxes», dixo Murguía o insigne hestoriador galego, o viudo da gloriosa Rosalía de Castro.

Outros galegos tamén ilustres, pro que s'adautaron á política española e viven ben axeitados ós usos do Poder central, falando d'aquel berro de Murguía, din que non se deben tomar muy en conta suas verbas, porque o xenial galeguista foi tod'a sua vida un espírito cheo d'arelas e desasosegos doado a esaltación.

Pro nos tratamos tamén a galegos dos que non s'adautan, que son os mais; conocemos algo Galicia e poidemos, n'algúñas ocasións, observar que a imensa maioría do pobo, do verdadeiro pobo que sofre e traballa, cando fala de Madrid, d'ese Madrid político cada día mais bloqueado pol-o aborrecimiento d'España enteira, acostuma facelo en termos semellantes ós de Murguía.

—«Madrid, cova de políticos e de gobernantes labercos que malos demos o leven»— din os xornaleiros de Galicia e os humildes labregos ós que agobia o fisco, esmaga o caciquismo e ten sumidos no mais vergoñoso esquecemento.

Galicia, que tantos políticos deu, é a rexión d'España que mais adoece e sofre por mor das infamias da política.

Unha espléndida riqueza mineira, que sementaría d'ouro o chan galego, trocándoo no mais opulento d'España, durme baixo terra o sono da morte pol-a falla de vías de comunicación, porque o caciquismo petoulle que Galicia non tivera ferrocarris; porque ós deputados a quenes s'acostuma a dare no Ministerio da Gobernación as actas d'aquelles destritos, lles non importa nin lles interesa cousa do que alí soceda. Con agradare ó ministro e con servire ó cacique, abóndalles pra que as reeleccións queden ben seguradas.

Conocemos casos curiosos: nas derradeiras eleccións xeneraes resultou elixido deputado por un destrito de Galicia un rapaz menisterial que endexamaís estivo por aquel país nin conecia, o vispera da elección o nome do destrito que lle houbo de favorecer c'o dulce 29.

Romanones díxerlle que non se preocupase, que se non podíanlle aceptar un 29 pol-a Mancha darianllo por Galicia, e o mesmo Romanones mandoulle a acta á sua casa. Iste bon señor non sabia nin palabra do destrito que representa; incenuamente confesou un día que tiña moitos desexos de facer un viaxe por aló no vran, se pra entón inda non se tiña disolto as Cortes.

D'outro deputado, tamén por Galicia e artigo 29, cóntase que, ó perguntarlle ó ministro si sería comenente que fícese unha visita ó destrito pra conecere seus eleutores, o ministro díxolle que non s'estrevese a calquera iniciativa de tal xeito, sen consultar con outro ministro, gran cacique galego.

Obedente, consultou o novo deputado; e din que lle contestaron:

—Vostede non ten por qué molestárese é debe desentendérese das cousas do destrito si quer que sigamos sendo bos amigos.

—¿E si d'aló me escriben pidindo algo?

—Mándeme as cartas, que xa contestarayas meu segredario,—ripliou o ministro.

¡Eisí, agás tres ou catro destritos, está representada Galicia, y-eisí gobernanna dende Madrid, y-eisí está ela, pobre rexión cincuenta d'España!...

Os galegos, raza traballadora, nobre e sofrida, teñen d'emigrar, buscando en lexanas terras o anaco de pan que se lles nega na patria, y-en Galicia eisiste unha riqueza mineira de centos de millóns compretamente abandonados.

Alí constrúyense carreteiras pra recreio d'un señor influente, namentras eisisten pobos, com'o de Riotorto (Lugo), que non conseguin en anos y-en lustros de costante layare, a construción d'un miserable trecho de 14 kilómetros que o una a Mondoñedo, capital do destrito.

Veuse en Galicia o caso inominioso, abafante, de que, durante moitos anos, o ferrocarril da Cruña a Santiago non se puido construír porque un gran cacique, xa finado, opúxose a que fora unha realidade esta importantísima millora, de fondo intrés pra

1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Fora, » 50 »

Coste d'un número 10 »

América 2 pts. trimestre

Número 12

Redacción

e adeministración:

CANTÓN GRANDE, 16

BAIXO

A CRUÑA

10 DE MARZO

Galicia, porque o ferrocarril era morte d'un negocio de dilixencias, e mais tarde d'automóviles, no que tiña él parte; hai na hestoria das traxedias políticas de Galicia páriñas de tanta vergoña coma o proceder sen nome dos empresarios do ferrocarril de Santiago a Pontevedra, coma os trámites e xestacións do ferrocarril de Betanzos ó Ferrol.

GALICIA NON RECOLLE DO ESTADO NIN UN 5 POR 100 DO QUE ELA TRIBUTA, Y-ESTE MISERABLE TANTO POR CENTO REPÁRTENNO UNHOS CANTOS CACIQUES FAMENTOS.

«¿Qué facer pra que fiquen estas infamias?—nos preguntan bos amigos da provincia de Lugo.

¿Qué debedes facer? Pois sacudir o xugo como sacudeuno Cataluña, coma sacudiránno as rexións d'España que garden unha frangulla de dinidá: rebelarvos, erguerbos, ou resinarse ó embrutecemento da escravitude cen veces mais pior que a morte.

O FERROCARRIL DA COSTA

## Ainda non será d'ista?

Pra D. Manoel Insua, exempro pra mozos e vellos.

O pecho súpeto e inopinado das Cortes crêmos, sin medo de trabucarnos, que deixaría abrayada a media España. Nos pobos por onde o Ferrocarril da Costa ten de pasare-cando pase, qu'iso vai pra longo-o o feito será muy outro. A derradeira romanonada debêu tere o eisito d'abrire os ollos aínda a aqueles que mais pechados os tivesen; ela, pois, debêu sere froiifferra pra a nosa causa e haberá feito por ela mais que cantas labores da propaganda bulisen nos nosos maxis. Ferrol, e con Ferrol cantos pobos comparten con il as suas aspirazóns d'un ferrocarril que sin pasare por África os poña en comunicación con Europa, d'oxe en diante enteiros virán as nosas filas. Ou non hay lóxica no mundo ou eisi ten que sere.

Promesas de políticos, votos particulares, enérxicas atitudes precursoras de renuncias d'actas, mitis nos que semellaba ouvirse xa o trono revelador da tormenta, todo foi bulrado e ó sere bulrado quenes resultan corridos, aldraxados e avergoñados somos os de cote, os galegos. Abondou o capricho d'un Sr. Ciervanoxo da mentalo, ¡aquilo do 1909!-pra que todo se viñera abaixo supetamente, y-eisi como Cierva será maldecido pol-os incautos, os probiños diputados galegos terán pra tal nome no mais fondo d'as suas escuras e intrincadas concenacias soasmente verbas d'agradecimento. O fin, él, fixolles o sinaladísimos favor de non dare lugar a que se puxesen en evidencia, pois co-a intervención de Cierva ou sin a intervención de Cierva iles non houberan feito nada, a mellor proba é que tempo houbo abondo de facer o que quixesen e non o fixeron. Entramentras ben foi non dar lugar a que s'axistase a opinión *por mor das circunstancias*. ¡Canta leria e canta parvada!

O engano foi d'ista vez tan craro e contundente que soyo un mal intenzonado ou un cego pode negalo. Non haberá ferrocarril da costa porque non hay quen terme d'el; os obrigados a facelo non terman, e non terman porque saiben que trais d'eles non eisiste un pobo d'homens si non un pobo d'escravos. Con ceibar algunha forte espresión de beizos a fora-exempro o careado voto particular-abonda pra qu'os papanatas que se deixan representaren por eles quedan xa tan confiados e saísfeitos, ¡Que ven concocen a sua xente os chamados representantes galegos en Cortes!

Que non hay esaxerazón nas verbas nosas próbase co feito que axiña terá lugar no Ferrol, a elección de seu diputado. Ferrol, pobo mais que ningún interesado na construción da tantas veces nomeada liña férrea, vai a vere como n'un dos prósimos domingos-non sabemos cal, o mesmo ten-sin opozición, sin loita, co'a borreguil compracencia de todo un pobo que non é rural nin moito menos-si eisi fora aínda a causa tería desculpa-sai feito representante seu un señor calquera, que suxeto as mesmas obrigas e engriloado ós mesmos compromisos de partido fará pol-o preito capital do seu destrito o mesmo que fixeron e farán os dos votos particulares, interpelazóns e renuncias de actas. Mais, en troques, un ferrolán dino, traballador incansable pol-as cousas da sua terra, único, sin selo, diputado galego de feito, *leader* incansable do ferrocarril costeiro, veráse repudiado pol-a ingratitudade do seu pobo e non lograría, aunque o pretendese, a representación da sua cibdade natal. O *cosmopolitismo* (?) cicais eisixa como representantes ás chamadas *xentes bien*... pouco galegas.

¿Ainda non será d'ista, despois da derradeira leición recibida, cando espertarán do seu embrutecemento cívico os pobos da costa norte de Galicia? ¿Non abrirán aínda os ollos á meridiana claridade dos feitos? ¿Seguirán como até iequí dóciles, sumisos, lambendo as mans que os aponvigan? Si seguirán e seguirán pol-a sinxela razón de que pra que non seguiran faría falla que tivesen algo que non teñen, e iste *algo* ¡como no se comence por inventalo...! Xa poden, pois, os pobos aludidos cantar o *De profundis* das suas aspirazóns. Nin agora nin nunca haberá ferrocarril. Ben dixo, ó decir mal, aquí autore de quen nin lembrarnos queremos: Galicia, humildade.

RAMON VILLAR PONTE

OS VELLÓS "PRECURSORES"

## Eduardo Pondal

A campana d' Anllóns dobra a morto.

Este ilustre poeta nasceu en Ponteceso o 6 de Febreiro de 1835. Seguiu a carreira de medicina na Universidade de Santiago, na que estudiou tamén humanidades. Graduouse de doctor naquela facultade e pertenceceu ós corpos de sanidade da armada e do exército, nos que entrara por rigorosas oposicións despois de unhos brillantes exercicios.

Pondal foi dende neno adicado á poesía facéndose popular c'o famoso brindis de Conxo en 1856, pol-o que foi perseguido e houbo de ser desterrado ás Marianas. E un dos que forman na primeira ringleira da falanxe dos nosos precursores. Pubricou moitas e mui belas composicións en castelán e en galego, e deu á estampa en Santiago, en 1879, un volumen bilingüe nomeado *Rumores de los Pinos*; pero despois deuse a escribir únecamente en gallego e publicou en 1886 os *Queixumes dos Pinos*, e en 1895 *O Dolme de Dombate*, *Oda ó mar Cantabro* e *A Campana de Anllóns*, correxida e aumentada (pois a primitiva forma parte dos *Queixumes*), etc., etc.

Logo escribiu *Grandesiras*, *Procelaria* e o poema en oitava rima *Os Eoas*, (inédita).

Pondal foi home de vastísima ilustración, profundo humanista, e, como poeta, un dos mais inspirados y-orixinales. Moitas das suas poesías foron traducidas a diversos idiomas.

El dixo n'uns versos que hay que ter agora mui en conta:

Da xa pasada xuventú, queridos  
Amigos, e tamén da miña infancia;  
Para de min vos serdes esquezidos,  
Nada pode o pesar, nada a distancia:  
Non pode o ferro, non, os tempos idos  
Meus recordos borrar, miña constancia;  
Pois n-este mundo todo amor fallece,  
Non esquezades quen vos non esquece.

\* \* \*

...«Por dereito de nacemento, Eduardo Pondal (nasceu en Bergantiños, terra de Galicia onde se garda mais viva a memoria dos nosos orixes cel-

tas) ven a ser o bardo. Eduardo Pondal quizais hoxe e o úneco home en España que con algún dereito pode usar este nome de bardo. (Eisi dixo a Pardo Bazán en *De mi tierra*.)

\* \* \*

Xa rompe nosa aurora e lostreguea,

Dixo Pondal (no xantar hestórico de Conxo) con profético acento, inda ñorando que non era aquela a aurora da democracia, senon a d'un novo día: o do poeta por comproto ó servicio da Patria galega.

...Pasaron os anos y-até os homes, e emprincipiou a comprendérese que habería que tentar en Galicia algo mais nobre e trascendental que programar unha idea y-erguer unha crase: que habería de facerse unha patria.

Tal era o que procrumaban uns poucos que ripitando o berro do poeta húngaro: *por catividades desgarrámonos coma cans pol-os desperdicios sen decatarnos que os leóns están sobor de nos*, erguían unha bandeira, dispóndose a defendela...

Tivera noso país un pasado e ñorábao, unha lingua y-escomenzaba a esquecerla, un gran istinto político e fallaba a él. un valor e desgaxábao en pequenas loitas... Pondal foi dos primeiros que se ofreceron a sí mesmos, a levar seu pobo á terra de promisión... A contar dende enton, a lira dos nosos poetas tivo unha corda mais, a de Galicia; noso país unha literatura; nosa literatura unha lingua... Porque eisi como é certo que unha lingua difrente amostra difrente nacionalidade, eisi cada pobo precisa conservar sua lingua pra que a nacionalidade non morra... O poeta si ha vivir na memoria do seu pobo, ten que reflexar no seus cantos os sentimentos, as aspiracións e os sonos da sua raza...

E Pondal dixó que os pobos teñen os destinos que merecen. «Non vos queixedes das vosas disgracias; non pidades; esixide: *ou honra, ou ferro*. E baixo este título escribiu un libro que é ó mesmo tempo resume das aspiracións do pobo galego e seu berro de loita.»

(Anacos de *Los Precursores*, de Murguía.)

\* \* \*

O mesmo, que Curros Enríquez, Pondal merece un garimoso homenaxe da nova Galicia. Un homenaxe no que resoen «odas bárbaras» com'as de Carducci, e non discursos lambidiños, cursis e chorós de políticos de *pose* sensíbleira. Pondal foi o poeta da democracia e do nacionalismo.

No número próximo adicarémolle as louvas que lle debemos en xusticia.

Oxe cheos de doer non temos tempo pra mais.

## Xosé Fontenla Leal

Veu de representante do Centro Gallego da Habana na compañía dos restos de Chané. Poucas veces a gran colonia nosa de Cuba mandou un representante mais dino.

Fontenla e un anaco de natureza gallega viva, no que callou unha vountade de ferro, ó servicio do enxebrismo.

Fontenla é un home admirabile. Un home pra quen todol-os agarimos e todol-os homenaxes, parecénnos pequenos.

Fontenla e Fray Exemplo. A Nosa Terra ó escribir o seu nome honrado, échese de lédica.


¡Bon hirmán, ben vido á tua terra! Nos c'os brazos abertos agardábamoste sempre.

Todol-os bos galegos deben estreitar tua man con orgulo.

Pra nos eres mais persoaxe que moitos señórons de campanillas que aquí chegaron pra facer de chufós.

O Centro Gallego da Habana, honrouse nomeándote seu representante.

## O Clavé gallego, xa ten acougo na terra



No cimenteiro da Cruña, preto de Curros, seu hirmán de raza, seu compatriota, repousa xa para xempre o mestre Chané. O gran *Centro Gallego*, da Habana, honra «dos bos e xenerosos», cumpreu c'o seu deber, mandándonos os sagros restos do autor da *Foliada*. Galicia enteira cumpreu tamén o seu deber, facéndolle ó mestre un enterro garimoso e solene.

Compostela, a vella e nobre cibdade, berce de Chané, hourou ó seu fillo ilustre como tiña d'honralo.

Non sabemos si os espíritos na outa noite, ben na propia campa ou nos Campos Elíseos, á soma dos buxos virixilianos, parrafean aparelados. Si así fose, Curros e Chané que espiritualmente s'axuntaron no *Adios a*

*Mariquña*, dende agora falarán c'a voz doce do misterio, fala eterna sin palabras, ós corazóns da mocidade galega, pra que manteña acesa a lus santa do enxebrismo redentor.

Xa pasou a época dos inxenuos orteóns; os estandartes-reliquias que tremaron no enterro do Clavé galego, hai que conservalos como groriosas lembranzas hestóricas. Agora a erguer os estandartes novos que representan loita, non por unha batuta, unha coroa ou unhas medallas, senon pol-a libertá da patria escrava.

Fagamos—jou somas queridas de Curros e Chané!—porque surxa o mestre capaz de concertar voces pr'a defensa de Galicia: pensemos nas cordas que sirven pra facer lazos corredizos nos árbores.

d'a cor do acibache, miraban o ceo com-en aución de gracias. Seus longos cabelos, d'a negrura do abismo, caíanlle en lucente catarata sobr'as costas.

Pareceume fermosa co-a forneiriana fermosura d'os amores de Rafael, y-era bonita co-a fatídica bonitura d'o tráxico. Doce, d'a beatífeca duzura d'a correa en corpo de santo, era o seu quedo mirar...

Crefna, mansa, co-a diviña mansedumbre d'as anduriñas farruqueiras, y-era brava, co-a bravura d'as mulleres d'as rexións rayoladas.

Y-ameina ali.... Mirárona prendados os meus ollos y-os seus miráronme tentadeiros.... Pareceume sentir n-o aire com-o voo de duas almas que s'achegan....

Y-erguinme do meu sono. Preto de min,

sobr-a verde pradeira, nenfiñas en roda cantaban con festa:

Una paloma, blanca  
como la nieve  
me ha picado en el pecho;  
¡cómo me duele!

Y-a miña y-alma, de cote soñadora, fixo car'a triste realidade d'a vida....

M. ARIAS Y PORTELA.

## FAGAMOS TEATRO

Dendes o 18 de xaneiro do ano 1905 un fato de rapaces entusiastas debutou no teatro principal (hoxe Rosalia Castro) da Cruña, poñendo en escena o drama de Galo Salinas, *Filla*; e pouco mais tarde *A Ponte*, *Minia* e *Mareiras*, de Lugris, o teatro gallego afincouse.

Xa non eran estas obras aqueles ensaios pouco afortunados d'outrora, e as aclamacións do público que saudaron o nacemento da *Escola Rexional de Declamación* demostraron o agrado con que se vía na escea a representación das obras gallegas (1).

Disgraciadamente, pol-as causas que se desfán a maioría das compañías, esto é: por rivalidades, porque, como di D. Rafael M.<sup>a</sup> Liern, na sua obríña *El teatro en el bolsillo*: «en canto despunta o galán xoven, faise apraudir un barítono, ou descuella sobre o nivel dos demais un artista calquera, sexa da corda que for, xa non ten mais que unha aspiración: ser director», a *Escola Rexional* desfiyose axiña, cando xa outros escritores traballaban con fé en obras que non chegaron a conecerse.

Pero moitas d'estas están feitas, quizáis esquecidas n-unha gaveta, e é perciso que sayan á lus. Pol-as noticias que A NOSA TERRA dá, homes hai aínda, coma o gran Cabanillas, coma Taibo, coma Quintanilla, Balás, Manuel María, Villar Ponte, Salinas, Carré e o iniatigable Lúgrís, que siguen producindo co'a esperanza d'un rexurdimento da Escola de Declamación.

Temos que facer realidade esta esperanza; temos *Os Amigos da Fala*, todol'os bós gallegos, que axudar ao restablecemento do Teatro Rexional, porque él é o mellor xeito pra facermos unha grande e fonda propaganda e pra dar a conecel'os nosos problemas, sempre esforzándonos en facer arte, que é a mellor maneira de conquistar corazóns, de afincar un ideal na alma dos pobos.

Pero temos tamén que correxil-os defeitos que a primeira Escola padecía; temos que evitar que novamente poidera afondarse a agrupación que se faga, s'é que chega a facerse.

En Lugo, no Ferrol, Santiago, Monforte, coma na Cruña, hai algúis rapaces que son comediantes de moita valía. S'eles quixeran, c'unha selección antre o mellor podíase facer unha compañía completa, na que fosen igualmente boas total-as partes. ¡Que representacións podíanse facer así das obras gallegas escolleitas!

Esto non impediría que durante o ano traballase cada grupo tal como está cosituído no seu respectivo pobo, onde poderían ir xurdindo novos actores, e onde s'estrearian as obras pra vel-o éxito que cada unha abranguía, sendo así a mellor maneira de apreciar a valía das producións teatrales.

Se a esto chegamos, se esto *queremos* facer, no próisimo vran poderíamos dar unha gran festa, a gran festa do «Teatro da Natureza», da que dixo Humberto Riva, falando d'unha representación en Vallvidriera (Barcelona), antre montañas e pinos:

«A lembranza do grandioso espetáculo que vimos de presenciar non se borrará endexamáis da nosa memoria».

L. DE SERGUDE.

(1) Na América, en Madri, e diversos pobos e vilas gallegas, posteriormente fóronse dando representacións de *A volta da romería de Santa Xusta*, *A Orfa de Bastabales*, *Sabela*, *Esclavitud*, *Pote Gallego*, *Antón de Freixide*, *O Chufón*, etc. obras acollidas sempre con agrado e moitas d'elas con verdadeiro entusiasmo.

## SABELA

Anoitecía. C'os medoñentos cores do lar enroxeaban o ourizante as derradeiras rayolas d'un sol xa pódose, e n'as ramas follas dos ameneiros gorxeaban priguiceiros os paxariños. Y-as nubes tingúan do azul e branco o ceo añil.

Falando a y-alma, ouzábase n'o aire a feiticeira múxeca do pasodobre *Las golondrinas*. E sobr'a pradeira frorida, beilaba «o xenio d'a especie»...

E ali a conocín... Era branca, co-a brancura d'a serra n-os frientos días d'inverno. O raso sedoso d'a sua folgada brusa, facía pequeniño o enlouquecedor descote d'aquela amada gorxa. Y-os seus grandes ollos

## CURIOSIDADE LITERARIA

## UNHA POESÍA ORIXINAL E DOUS PLAXIOS

## LA FEUILLE

POR ARNAULT.  
(1766-1834).

De ta tige détachée  
prauvre feuille desséchée,  
où vas tu? — Je n'en sais rien;  
l'orage a brisé le chêne,  
qui seul était mon soutien.  
De son inconstante haleine,  
le zéphyr ou l'aquilon,  
depuis ce jour me promène,  
de la forêt à la plaine,  
de la montagne au vallon;  
je vais où le vent me mène  
sans me plaindre ou m'effrayer;  
je vais où va toute chose,  
où va la feuille de rose  
et la feuille de laurier.

## LA HOJA DE LENTISCO

POR J. NICASIO GALLEGO.  
(1777-1837).

Hoja seca y solitaria  
que vi tan lozana ayer,  
¿dónde de polvo cubierta  
vas a parar? — No lo sé.  
Lejos del nativo ramo  
me arrastró el cierzo cruel  
desde el valle a la colina,  
del arenal al verjel.  
Voy donde el viento me lleva  
resignada, por saber  
que ni suspiros ni ruegos  
han de templar su altivez.  
Hoja de un pobre lentisco  
voy a donde van también  
la presunción de la rosa,  
la soberbia del clavel.

## IMITAZIONE

POR LEOPARDI.  
(1798-1837).

Lungi dal propio ramo,  
povera foglia frale,  
dove vai tu? — Dal fazzo  
là dov'io nacqui, mi divise il vento.  
Esso, tornando, a volo  
dal bosco alla campagna,  
dalla valle mi porta alla montagna.  
Seco perpetuamente  
vo pellegrina, e tutto l'altro ignoro.  
Vo dove ogni altra cosa,  
dove naturalmente  
va la foglia di rosa  
e la foglia d'alloro.

## TRADUCCIÓN GALLEGA

POR JOSÉ IGLESIAS ROURA.  
(1899).—..... por moitos anos.

Pr'onde vas seca follina  
da ponla tua arredada?  
—A cana que me sustiña  
foi pol-o vento esgazada  
e en cega redemuña  
son levada,  
sople brisa ou vendaval,  
da devesa pra chanzada,  
dende o outeiro para o val.  
Nin leda nin con tristura,  
vou pr'onde a forza do vento  
me leva en pulo inconstante,  
pr'onde ten acabamento  
o que verdexa ou fulgura  
na vida por un instante.  
Vou pr'onde en curso fatal  
van parar, a vanidosa  
gala da folla da rosa,  
e a do loureiro trunfal.

## NO TURREIRO

## O can colorado

Con cousas vellas fanse ás veces cousas novas. E si non que o diga unha certa veciña qu'eu teño, que da roupa vella do seu home, faille traxer novos, ou qu'os parecen, ós fillos.

Mais non se trata agora de roupa vella nin de cousa qu'os vala.

A cousa vella de que vos vou falar, é unha hestoria antiga, que me vai servir pra facer un conto novo.

E ¿non ha de ser vella a historia, si trata do que lle pasou, sendo mozo ó hirmán dunha bisaboa miña?

Que decir, que socedeu a cousa aló polos comenzos do século pasado Quizabes antes de qu'os franceses nos viñeran facer a barba.

Chamábase o tal señor D. Antonio Ventura Hervella, e tamén era hirmán dun oficial do Exército español, que se destacou de tal maneira na guerra dos franceses, que chegou a ser conecido, antre tantos como destonces se destinguiron, pol-o *Valentin Hervella*.

Mais volvamos ó señor do noso conto, que pol-o trazas que leva, non vol-o chego a contar hoxe.

Decía que se chamaba D. Antonio Ventura Hervella, e (agora si que vai o conto) era moi aficionado ás mozas, cousa que non ten nada de particular, porque moitos, dende Adán pr'acó,

tiveron esa mesma afición. E non o digo por mal, porque si tal afición non houbera antr'os homes, fai moitos siglos que se tiña acabado esta patulea qu'anda pol-o mundo c-o nome de Humanidá, aunque mellor lle cadrara o de caninea.

E si non, vamos a ver: ¿non é máis propio de cans que d'endeviduos da especie humana, iso de s'estrozar en guerras com'á qu'está ardoendo agora en Europa, Asia, África e non sei en cantas outras partes da Terra?...

¿Vedes? Pois xa m'apartei outra vez do conto pra me meiere en filosofías de crego ben xantado.

Tornemos, tornemos ó conto, e xúrovos que xa me non volvo á esquencer d'él.

Paresme que xa vos dixen qu'ó hirmán de miña bisaboa á quen lle pasou o que vos vou contar, chamábase D. Antonio Ventura Hervella. E si non vol'ó dixen, digovolo agora.

As mozas (cuido que tamén vol-o dixen) eran a sua mayor afición. E non soilo as mozas, sinon tamén as mulleres feitas e dereitas, porque se casou, enviudou e tornouse a casar, d'esta vez c-unha viuda coma él.

Mais o que vos vou contar, non lle pasou de casado nin de viudo nin de recasado, sinon de solteiro.

Era bó mozo. E' francamente, n-isto non saíu a familia. Dígoyo por min, que nunca valín dous réas en calderilla.

Como era bó mozo, tiña moito partidó antr'as mulleres. Xuntade isto co-fiación qu'él lles tiña, e calculade o qn'habería pol-as terras onde á

Noso Señor lle pareceu ben prantar un home com'aquel, e que si non minten as tradicións da familia, foi aló pol-a provincia d'Ourense.

Antr'as mozas qu'ó Sr. D. Antonio Ventura sumou á lista d'as suas victorias (moitas máis qu'as de seu hirmán o *Valente Hervella*) había unha do lugar de Sobrado.

Un pouco lonxe lle cadraba o tal lugar de Sobrado ó Sr. D. Antonio Ventura. Mais ¿quén dixo distancias pr'o amor?

O malo era qu'amáis de lonxe, tiña o señor D. Antonio Ventura que pasar un camiño máis ruín qu'ó do inferno, pra ir ond'a moza. Todo vos era por montes lobeiros, que si de día eran moi malos, de noite non vos digo nada, meus amiguiños.

E de noite era cando o Sr. D. Ventura iba visitar a rapaza.

Levaba consigo un canciño que non sei o que tiña que faguer mentras él pasaba as horas á veira da nena, mais que polo camiño servíalle de compañía, xa que non pra defendelo, si o caso chegaba, porque vos era cativo e máis propio pra estar ó pe da lareira, que pra andar pol-os montes tremando c-o medo e c-o frío.

Isto do frío, era cousa que ó señor D. Antonio lle tiña con coitado, tanto que, pra qu'os can non se lle costipara ou non se lle tollera, mandoulle facer un verdadeiro vestido de bayeta colorada. E tanto lle chocou isto ós seus conveciños, que non tardaron as bulras en chantal'os dentes no amo e máis no can.

Encomenzaron por falar do *can colorado*, y acabaron por chamar ó meu parente, *D. Ventura o do can colorado*.

Mais todo isto ás costas d'él, porque si na cara llo dixeran, algún bulrística pagara caro o seu atrivimento. Que no era él home d'aguantar tales gromas.

Socedeu qu'unha noite, ó tornar de visital-a moza, saironlle os lobos. Defendeuse ben, porque valente non hai que lle negar qu'os era, e salvou a pelexa. O que non puido salvar, foi o can, qu'aló lle quedou no monte, ben ou mal repartido antr'os ventres d'os lobos, con refaixo e todo.

I-entón si que tiveron qu'oir as bulras d'os conveciños do Sr. d'Hervella. Antes de dous días, todos eles, homes e mulleres, rapaces e vellos, cantaban esta copra qu'un d'eles sacou da sua cabeza como quen saca unha castaña d'un ourizo:

Señor don Ventura,  
vindo do Sobrado,  
coméronlle os lobos  
o can colorado.

Algunhas personas d'aqueles lugares inda hoxe cantan esa copra, quizabes sin saber o seu orixen. Eu non debía decilo, porque ó fin tratábase d'un parente meu. Pro ¡qué diaño! él non m'a de vir pedr contos por contar n-este turreiro a hestoria do can colorado.

AVELINO RODRIGUEZ ELIAS.

Vigo.

## PANORAMA REXIONAL

## Non adeprendemos nada

Cando estivo D. Odón de Buen en Vigo, manifestou n'unha notabre conferencia, que o Rei estaba satisfeito de que s'implantase na cibdade da Oliva un Instituto Oceanográfico; que o Goberno tiña acordado consinar cen mil pesetas para este fin e

## O aniversario da morte de Curros



que pesi-a esistire un R. D. n'este senso, non se consinaran.

Doíase do feito Odón de Buen, e puxo no seu verbe acentos de barilidade pra que o país s'erguese contra dos seus deputados e lles pidise contas de tan criminal silenzo.

Pecháronse as Cortes, y-aquel Instituto que sería a salvación da riqueza pesqueira galega quedou en proyeuto.

Pois o mesmo l'aconteceu a Ferrol y-o norte de Galicia c'o ferrocarril da Costa. Ibase a presentare un voto particular, e non se presentou. ¡Adios liña de ferro tan percisa e cobizada! ¡E a Xunta permanente do Ferrol, suspendeu unhos mitines oportunos que tiña anunciados, *por patriotismo!* ¡Qué parvada!

En troques, cuaseque todos los deputados provinciales de Galicia, servos do centralismo, sairon pol-o artigo 29.

No virreinato de Riestra rexistráronse os noxentos feitos de costume. Non se abriron mais colexios que os da capital. Bulrouse a vountade do pobo.

Hai que facerlles adeprender ás novas xeneracións o-soneto do gran Cabanillas.

E dicirlles ó mesmo tempo ós parvos e labercos que entoaron lóuvas ó famoso bloque de deputados galegos, que—como escribiu mui ben *A Concordia* de Vigo,—nin hai bloque nin vergonza.

Soilo hai unha Galicia escrava e imbécil.

Unha Galicia que tolera a nova vergoñosa incomunicación con Castela. Novo ensayo de *nacionalismo*.

\* \* \*

¡Non era! Tiña o seu corpo

Virxe com'o corazón

Tan amantiño e tan puro

Cal outro non dira Dios.

Mais por lanzal e xeitosa

Campaba nos foliós,

Enfeitizando os moceños

Co seu sorriso de sol.

Y-unha lingua rexubeira,

Chea d'envexa e treizón,

A gadoupa sanguineta

Na sua honra cravou.

Cebouse n-ela a ruindade

Sin miramento nin dôr,

Y-a xente, coma d'un gafo,

Do seu cabo s'arredou.

Pideull'o ceo xustiza

Piedade a terra pregón,

E nin-o ceo nin-a terra

Lle tiveron compasión.

Y-aqués de quen agardaba

Agarimo e proteición,

Emborcaron riba d'ela

Pauliñas e maldiciós.

Batida pol-as xenreiras

Semellaba a inxela frol

Qu'apouvigada dos ventos

A tempestade guindón.

Perdeu co creto a amizade

Ca amizade foise o amor

Y-esquecida y-aldraxada

Sin agarimo choróu,

Pro quedoull'a fermosura

Cal outra non dira Dios,

E de todos desbotada,

Pois tiña que ser... ¡e foi!

VICTORIANO TALBO

Compostela.

Pasou un novo ano dend'a morte do gran poeta, que se fai mais grande canto mais tempo pasa. A do sete de Marzo e unha data de loito pra Galicia.

¿Pra que profanal-a sua memoria con lóuvas adoito semellantes? Suas milliores lóuvas son os seus libros. Lér os seus versos, e poñer en acción suas nobres arelas, é canto nos cumpre ós bos galegos.

Os hirmans da Fala, somol-os seus únicos testamentarios lexítimos. Somol-os cabaleiros do Santo Graal do galleguismo. Só-

mol-os que non lixamos a sua memoria, cando nos lembramos do mestre.

Coma él pensamos da nosa fala:

«Ti non podes morrer... ¡Eso quixeran Os desleigados que te escarneceron!  
Mais ti non morrerás, Cristo d'as linguas;  
Non, ti non morrerás, ouh Nazareno!»

Nos, coma Curros, dicímolles ós bos gallegos:

Ladrade, mordede, ride:  
Onde haxa virtú, bicade;  
Onde haxa vicio, feride.

## NOSO REXURDIMENTO

## Duas verbas a'os enxebres ferroláns

Lembraredes enxebres ferroláns, qu'o 11 de Febreiro foi n'o *Salón Amboage* onde por primeira vez ouvimos n'esta ciudade, falar n'o noso idioma y-en defensa dos esquencidos dereitos rexionales, a gallegos nada sospéitosos n'o seu proceder, com'a o mestre Lúgrís Freire, Villar Ponte é Carballal, todos da *Hirmandade da Fala* cruñesa. Estos homes celtas por natureza, e alexados por consiguiente da verborrea latina, deseian facer conciencia gallega, perdicando c'o exemplo de pobo en pobo, y-amostrándose orgullosos de falarnos n'a línguanái, abondo aldraxada pol-os *gallegos-antigalleguistas*, herba cativa que tanto medrou n'esta terra.

A data do 11 de Febreiro devemol-a ter mói presente os amantes do verdadeiro galleguismo, com'a sinal do rexurdimento da nosa causa, n'o Ferrol.

Abondo sabemos por disgrazia os ferroláns que sentimos arelas de rexionalismo, qu'eiqui non haberá mais que unha dúzia de sinxelos enxebres, pois a indiferenza pra as cousas da terra, botou raíces mais fondas do que nos decatamos. Pois ben, a mención témol-a n'a casa.

O enxebre ferrolán Charlón, ao pensentar as ouradores cruñeses n'o auto do 11 de Febreiro.

dixo: «Quixo o destino qu'oxe cadrara asina, mais, temos dementes de que non se fará agardar o dia en que todol-os ferroláns que levamos, xiquer, unha partícula d'amor pra a terríña onde nascimos; os que nós sentimos orgullosos de ser gallegos; os que temos verdadeiras ansias d'amostrarlle ao centralismo que Galicia está pobrada por homes: nos hirmamos en aprexado feixe, semellando aos ben nascidos de todol-os pobos da nosa rexión.....» Y-eu sin ter os valimentos de Charlón, digo: pra desterrar o encollemento e ir facendo alma gallega, é perciso qu'a xuntanza d'esa dúzia de verdadeiros enxebres, se leve a práctica axiña, pois mais val que sexan poucos e de corazón, que moitos de beizos pra fora. ¿Qu'atoparase n'os comenzos da lóita moitas dificultás? Canto mais custa o chegar ao q'un se propón, mais intrés debe haber en conseguil-o; esto n'as cousas sin importancia, logo si unha cousa xusta com'a esta, ¿sí é cuestión d'onor o impoñerse sacrificos por ela? A dinidá gallega o eisixe.

Xa que nosoutros fumos culpabres, da apatía que por todo o gallego, se sinte eiqui, traballe-mos xuntas e com'a un sóilo home, porpagando as ventaxas da enxebreza antr'os indiferentes... unha... duas... cen veces; que si a semente n'un ano nin dous non froitifica, c'o tempo xa colleremos o froito escolléito, pois sairá de verdadeiros convencidos.

En Cataluña fai trinta anos qu'era com'a eiqui un aldraxe, falar n'o seu idioma, y-oxe non se

fala mais qu'o catalán. ¿quén fixo ese imposible? pois un fato dómes de vontade, a quen os cataláns adouran c'o mesmo fanatismo qu'un creente a un santo milagreiro; eisi é que Cataluña medra e medrará, gracias a cidadanía de seus fillos qu'están ligados espiritualmente d'endó banqueiro até o labrego, por un sóilo ligamento: o idioma.

Pra convencer a'os enemigos do uso do idioma gallego, non hai mais qu'amosstrarlles o caso de Cataluña, qu'aínda do *afonso* que representa o falar a lingua rexional, (según eles) é a úneca rexión europea d'España.

¡A traballar enxebres ferroláns! Temos n'a propia casa entusiastas do galleguismo que de fixo non agardan mais qu'unha chamada pra xuntarse. ¿Son poucos? E a mellor proba de qu'o son de verdade. ¿Citarei nomes dos gallegos sinxelos? Hai n'este pobo un D. Manoel Comellas, mestre d'enxebriño; un Bidegain, intelixente comerciante, gallego entusiasta de todo o que sexa rexional; os rapazes incomparables Charlón e Sánchez-Hermida, artistas e autores de reconocido valimento, porpagadores desintresados do amor a' o rexional, etc. etc. e algúns mais, que n'este instante non lembro. ¿Non son abondo por seus méretos pra espertar o espírito rexional eiqui, e facer que todol-os enxebres se conezan, c'óuxeto de que cada un axude n'a medida das suas forzas, a boa obra comenzada?

Sá o sair n'as hospitalarias columnas da A NOSA TERRA estas probes liñas, tivese xa corpo á idea d'organizare en Ferrol un grupo da *Hirmandade da Fala* sería pra min unha das maiores satisfaiçións da miña vida, pois ollaría convertido en realidade, meu sono dourado: a xuntanza da enxebreza.

Enxebres ferroláns: O que dend'este boletín fai esta lembranza, é o derradeiro gallego en méretos, que vos prega perdón pol-o atrevimento que representa o dirixirse a vosoutros, quen com'a il non ten autoridá nin valimento algún; eisi é, que non ter en conta qu'a persoa é cativa; a idea é boa.

Tedes eiqui un hirmán en enxebreza, qu'aínda qu'ifioreses seu nome, por razóns que non son pra esquirtas, axudará n'o qu'omildosamente póida, e seguirá traballando n'a soma, sempre en ben da causa rexional.

¿Queredes mais sinxeleza?

XAN LABREGO,

Ferrol-28-Febrero-1917.

**Pobo que ten a súa fala e a non emprega é un pobo que non ten mais aspirazós que as que lle deixa fer o pobo que lle impuxo a súa.**

## No traslado dos restos mortaes do Mestre Chané

Campaniñas, as da Cruña, campaniñas das eirexas, soade tristes, soade, que hoxe dende a Habana chegan os restos d'un que foi gloria da Cruña e Galicia enteira.

Morreu lonxe da terra pol-a súa sorte negra: mail-os gallegos amantes como ninguén da súa terra, devolveno ó noso lar pra qu'eiqui enterrado sexa.

Campaniñas as da Cruña, campaniñas das eirexas, soade tristes, soade chorando do morto a perda, mais logo soade alegres pol-os vivos que alá quedan: pra que se traspondo os mares voso son o vento leva, poidan saber que a naciña no medio da súa tristeza, ten un sorrir amoroso que as bógoas lle transparentan, pr'os que amorosíamente traballan en terra allea cobizando as ocasións des'honrar honrándoa á ela.

A REDACIÓ

«D'O TIO MARCOS DA PORTELA».

## DE MIN PRA VOS

Ao pé do cruceiro

Xan de Veira, o millor mozo e o labrador mais traballador e honrado da aldea B, despois de seis anos de ausencia que pasara no presidio pagando unha deuda á sociedade, volvía de retorno á aldea co-a i-alma falla d'esperanzas e repreta de dúvedas. Os vintedous anos matara en boa loita cara a cara ó fillo de señor Bastián, cacique do pobo, por haber pertendido aquel obter pol-a forza certos favores da xentil Rosiña, rapaza de Xan, favores dos que se creía dono e señor coma fillo do cacique.

Cando Xan de Veira entraba n'aldea o serán iba finando, e un lonxineco tocar de campis espallaba o toque de orazón pol-o silencioso valle. Con andar repousado encamiñouse á casa dos seus pais e xa frente a ela detívose un anaco.

Non, tí non morreras, céltica musa,  
Nada da Suevia nos chouzales péchos.  
Curros Enríquez.

Ainda teñen pra nós nas demais rexións d'España unha vella opinión moi desfavorable pra a nosa terra e pra os que tivemos a honra de ser nados nela; aínda teñen ao probro galego por inculto, probe e desprezable; aínda se lle representa en moitas partes como detido n-un grado de civilización das primeiras edades. A este humillante descreto, que s'espallou á fora da nosa terra, opuxeron máis d'unha vez valentes protestas os dinos e amantes fillos d'esta aldraxada rexión. A fermosura e fertilidade do seu chan, a súa raza traballadora, a calidade dos homes ilustres que a honran, a nobreza e dozura da súa fala, a riqueza do seu arte e da súa literatura van sendo xa estimadas no que valen pol-a ilustración e bon gusto da crítica imparcial. Ende ben, moito falla aínda por facer pra que na boca dos iflorantes apaixonados e vulgares deixe de ser a verba *galego* un alcume semellante a toxco e baixo.

Mais é o peor do caso que o pobo que tal aldraxe recibe, compárteoo resoltamente. El mesmo é o que combate todo aquilo que lle da carácter e persoalidade. Certas protestas individuais non representan o xeneral sentir da masa

¿Petaría? ¿Non petaría? O seu corazón dáballo fortes latexos que os sentía dende os pés á chola, e parecíalle que se lle trocaba en corazón o corpo todo, pois n-el non houba ideas, pensamento nin vontade; soilo vivía n-el o sentimento, un forte sentimento pol-os vellíños a quenes quería bicar e apertar despois de seis anos de ausencia. Pasou unha man pol-a testa e sufrindo un longo estremecimento, sereouse. A vontade do home acostumado ós duros trances da vida, domifon axiña a tola carreira do sangue pol-as veas, e o troulear dos nervos sin marcha nin concerto.

Petou. Abriron, e un vello de brancas guedellas e negreiro ollar apareceu na porta.

—¿A quén buscas, rapaz?—perguntoulle.

—Ao señor Veira—díxolle Xan sentindo unha congoxa no fondo da i-alma ó ver a un desconocido na súa casa.

—¿Ao señor Veira?... ¿Logo ves de fora?

—De fora viñera,—repuxo Xan con triste intenzón.

—Daquela virás de drento; mais non te conozo.

—Son o fillo do señor Veira.

—¿O que...—escramou o vello chegándose a el.

—O mesmo; o que incumpriu o mandamento *Non matar*, por castigar a un incumpridor do tamén mandamento *Non deseiar a muller do teu próximo*. Mais dígame vostede, ¿qué é dos meus pais?

—Teus pais, meu fillo, pasaron a millor vida.

—¿Morreron!... ¿Malia a estrela do meu nacemento!—xuramentou Xan erguendo os brazos ó ceo cos puños pechados diante tal sentenza, ouida eisi a secas coma o tiro que dá no corazón e corta o fio da vida, e volvéndolle a ispalda ó vello pra que non lle vira rodal-as bágoas meixelas abaixo, alexouse de aquela casa que foi mántial de felicidades onte, e pozo de amarguras oxe.

Tomou o camiño que truxera. Ó chegar ó cruceiro que houba no comenzo da aldea, settouse na base que faguían tres peldanos oitagonaes, sostén da crus, longa, fría e desnuda coma o dór que simbolizaba, e acochando a cara entre as mans e os cóvados sobor os xionllos, chorou o ben pasado ou o mal por vír.

As notizas, e sobor todo as malas, corren pol-os pobos pequenos coma o lume n-un regueiro de pólvora. Eisi que de mais está o decire que a chegada de Xan tardou poucos minutos en suberse por tod'aldea e que a xentil Rosiña, a rapaza que fora de Xan, non tivo tempo que perder pra ire en atopo do vengador da súa sona pr'adi-

## Consideración sobre a fala galega

POR M. G. B.

*Chegou ás nosas mans un folleto impreso en Lugo no ano de 1912, do que é autor o señor M. G. B., á quen non temos o gusto de conecere. Trata d'un modo maxistral do estado de deica-dés á que ten chegado o noso idioma materno e do xeito pra chegarnos ao seu rexurdimento.*

*Con algunhas apreciacións do autor non estamos conformes, mais é merecente dos nosos laudes a ansia querendosa que quer espertar nas almas dos bos galegos pra que afinquemos na fonte esgrevia da nosa nobre fala a persoalidade de Galicia.*

*Por decontado mandámoslle unha aberta d'hirmans ao desconecido autor, e pedímoslle perdón pol-oa trevimento de verter ao galego o seu valedreiro libriño. Temol-a seguranza de que os nosos suscritores hannos d'agradecer que pol-a nosa mediación conozan tan proveitoso e patriótico traballo.*

A lingua tiveran  
Por lingua d'escravos;  
Esquenceran os patrios acentos,  
Suidosos e brandos.

Pondal.

popular galega, nin adoitan iren na compañía defeitos que poideran axuntarlles forza e proveito. Galicia non s'estudia nin se conece á si mesma; non ten concenza do que é, non distingue o que ten de bo, pra afirmalo facendo que non morra, nin o que ten de malo, pra combatilo suprimíndoo. Cando deba desvirtuar os ataques sin medida da opinión allea, con terca publicación das súas condicións de nacionalidade, ríndese cobardemente a eles, chega a acetar como súa aquela desleigada opinión, rompe o fio da súa historia, avergónase de a súa condición e dirixe todol-os seus esforzos a *castellanizarse*; coida librarse do despreicio copiando baixamente os costumes do pobo que mais o aldraxa, e converte a Castela en espello do seo ideal, e síntese como satisfeita sendo vítima do mais asoballante centralismo.

En tod'alas manifestacións da nosa vida rexional ven dándose este triste fenómeno de despreiciar o que privativamente é noso. Estudialo e combatilo con algo mais que queixas inútiles debe ser un labor dos que por bos galegos se tiñan.

E comenente, pois, adicar algunhas consideracións na súa manifestación na esfera d'aquel tan permanente como vario atributo human,

(Seguirá).

carlle algún consolo ós seus dñores, xa que outra cousa non podía adicarlle porque libre non era.

Buscou polo-a entrada d'aldea. O chegar ó cruceiro, a lúa que saía coma un tráxico testigo tras a lonxincua montana, amostroullo sentado ó pe da crus. Foise en dereitura a el, e chamouno:—Xan, Xan.

—¿Quen me chama?—dixo aquel poñéndose en pé.

—Quen ten santa obriga de o facer, ¿conócesme?

Mirouna Xan fixamente e coñeceu, mais aquela muller que tiña diante, demacrada, e de unha diforme gordura pol-o ban, siñales todas de non lonxincua maternidade, non era a garri-da e xentil Rosiña deseñada pol-o fillo do cacique. Un novo dñr surxeu na súa i-alma, e baixando a ollada ó chan, calou.

—¿Conócesme Xan?—preguntou de novo Rosa.

—Conozo e a fé que o sinto, pois ó conoçerte a tí casada deixo de conoçer a Rosiña que tanto quixen e quero.

—Perdoame. Non tiven despois da tua marcha notizas nin cartas túas... Pasou o tempo; asegúronme que morreras e o creín, porque de aló poucos volven... Derradeiraamente, atopándome soila e orfa no mundo, caseime. ¿Fixen mal?—interrogoulle agarimosa Rosiña poñéndolle as mans sobor do peito.

—Non; fixeche ben e perdoada quedas.

Os dous calaron. Un agoreiro moucho pasou voando preto d'elles, crebando co seu medoñento asovío o silencio da noite.

—¿Seic'a tráxedia sigue, Rosiña!—dixo Xan colléndolle as mans entre as súas ó oul-o canto do moucho—; ¿seis anos lembrándome de tí, seis anos levándote coma espírito do meu espírito no fondo da i-alma, pra ollar tronchadal-as miñas ilusíons n-un minuto, coma troncha o vento das suradas os pes de millo... ¿Son ben desgraciado!...

—¿Non fales d-ise xeito Xan, fasmé daño!

—Farei. Eu quero en tí, miña Rosa, e que ate agora quixen; non o teu corpo que aló o tiña ceibo y eiquí o teño preso. Eu quero en tí a tua i-alma, teu espíritu, tua imaxen, o qu'é sinxelo porque non fala, o qu'é perfecto porque non pensa. Querote eisi, porque ó fin a i-alma quere e o corpo deseia, i-eu miña nena, ¿perciso tanto oxe de que me queiran!...

—¿E ben o mereces Xan de Veira!—dixo unha vos detrás do cruceiro que os fixo separar, e ollar admirados a un tempo pra o sitio de onde a vos saíra.

—¿Siñor Bastián!—escramou Rosiña poñéndose diante de Xan cos brazos abertos coma pra o defender.

El era en efeito. Soubedor da chegada de Xan o matador do seu fillo, veu a Rosiña saír da casa coma acochándose e a siguen. Entretidos coma estaban co-a súa conversa, non viron coma él chegaba ó pe do cruceiro e ouña carto falaban.

—Eu son e o non defendas, que despois de oul-o que ouín, ben e non mal quero faguerlle—dixo o siñor Bastián chegando onde eles—.  
¿Quen puidera coma tí agora, poñerse entr'el e o meu fillo Xulio o día da loita, e que a folla que o cravou cravárame a min i-vertirá esta horrible vida de sufrimentos que levo!

—Pra ben ou pra mal, eiquí me ten siñor Bastián—repúxolle Xan separando a Rosa a un lado, cruzando os brazos sobor o peito.

—Direiche. Eres xoven aínda e o mundo pode gardar pra tí agradables sorpresas. Eiquí n'aldea fasmé daño a min, fasmé daño a Rosa, fasmé daño ó home, e fasmé daño a tí, ¿queres marchar pr'América?

—¿Tivera con qué!...

—Co-isto—atalloulle o vello poñéndolle unha carteira nas mans—; catro mil reás en dez billetes de a vinte pesos hai n-isa carteira; catro mil reás qu'eu che dou e que base da tua fortuna e felicidade seian.

—Siñor Bastián—murmurou Xan confundido diante tanta nobreza collendo a carteira—; aceito estes cartos co-a condizón de pagalos.

—Co-isa condizón seia. Agora, despídete de Rosa e separémonos.

—¿Pra sempre?—adiverteu Rosa.

—Ate que Deus queira.

Chegouse Xan onde Rosa e aperténdolle as mans, doulle un bico nos ollos, lugare en que se bica a i-alma, e díxolle:

—Rosiña, si algún día percizas de min, o siñor

Bastián che dirá donde me atopo. Agora separémonos, que aínda que os tres xuntos estamos, profundas e grandes caosas nos separan.

—¿Canta bondade hai nas nosas i-almas!—dixo Rosiña.

—E condizón da nosa raza, —sentenzou o vello.

E os tres separáronse cada un por diferente camiño, ó tempo que a lúa acochábase tras unha nube pra darlle maior segredo a aquela escea, e o agoreiro moucho asoviaba de novo sinestramente, voando por enriba do cruceiro.

RICARDO CARBALLAL



## NOVAS DA CAUSA

O 11 do mes de Marzal faráse en Vigo, pol-a Sociedade Artística unha festa d'enxebriño musical.

Levaráse a efeito no Teatro Tamberlik, e entr'outras cosas serán posto na escena, por unhos rapaces afionados, unhos xoguetes cómicos escritos en galego; e cantas pezas musicás executen o coro, a rondalla io orfeón da nomeada sociedade, serán gallegas.

Non fai falla que nosoutros lles adiquemos gabanzas a quenhas tantas teñen colleito, e soio lles desexamos un éisito de cartos, que xa o artístico d'abondo xabemos que o terán.

¿Adiante rapaces! D'este xeito tamen faise patrea.

\*\*\*

En Santiago trabállase con moito agarimo pra levar a felís xeito un Salón d'arte rexional.

Fai poucas datas celebróuse unha xuntanza na que se constituíu o comité organizador, que forman os señores siguentes: D. Armando Cotarello Valledor, D. Ricardo B. Cicerón, D. Salvador Cabeza León, D. Francisco Asorey, don Luis Porteiro, D. Manuel Remuñán, D. Xan Luis, D. Xosé Portal Fradexas e D. Xaime Quintanilla, quenes queren se dian algunhas conferencias d'arte por distintos literatos gallegos, namentras permaneza aberta a Exposición.

Boa idea; fermosa iniciativa, verdadeiramente patriótica, dina dos notabres gallegos que apañían.

Santiago, capital intelectual de Galicia, ¡adiante!

\*\*\*

A colonia luguesa de Santiago, xuntouse fai pouco en fraternal xantar, de xeito rexional. N'el falouse moito e ben no idioma gallego. Pronuncióu un brindis admirabile o cultísimo médico D. Anxel Otero.

Asistiron e esta festa, na que se trataron cousas d'intrés pra Lugo, Santiago e Galicia, máis de medio cento de persoas.

Tamén se falou de tributarlle un garimoso recibimento ó Orfeón lugues que axiña ten d'ire a Compostela, onde dará un concerto moy brillante.

Lugueses residentes en Santiago, ¡ben por vosco!

\*\*\*

No número que ven, publicaremos un notabre artigo do insine literato gallego, redaior de *La Nación*, de Bos Aires, Xoaquín Pesqueira.

Publicaremos tamén outras cousas moy interesantes. Pouco a pouco—n'este número xa comenzámolas reformas anunciadas sen bombo nin platillos—iremos mellorando o noso boletín, que axiña ha ser unha revista boa. O xenial Castelao ténnos ofrecido caricaturas enxebres. Outros artistas tamén nos prometen súa axuda.

Unha vez mais, pol-o mesmo, pidimos a dos bos gallegos. Por patriotismo.

\*\*\*

Noso querido correlixionario, o culto membro de número da Academia Gallega e publicista notabre D. Francisco Tettamancy, acaba de ser ouxeto d'un novo e merecido loureiro: nomeóuselle correspondente da Academia da Historia.

Con grande ledicia dámol-a nova. Os éisitos de Tettamancy, este home tan intelixente, tan enxebre e tan bo amigo, témolos por propios.

Don Francisco, unha aberta garimosa.

\*\*\*

Tivemol-o gusto de saudar, con motivo do homenaxe póstumo á Chané, ó gran escritor y orador compostelán Xaime Quintanilla, un dos mozos de máis valimento e máis enxebreza de Galicia.

Saudamos tamén a D. Antón García Novoa, que veu de representante dos *Amigos da Fala*, d'Ourense.

\*\*\*

A Hirmandade da Fala, da Cruña, conmemoróu c'unha solene velada literaria na Academia Gallega o aniversario da morte de Curros, o día 7 do corrente.

O *Circo d'Artesanos* tamén conmemorará o domingo a mesma data.

## Peneirando...

Felix Lorenzo n'*El Imparcial*, xornal centrófilo, ven facendo unha campaña pol-a unión ibérica.

E di: «Hay en Lisboa españoles capitalistas, que, por cierto, hablan en portugués, capaces de aportar a la obra patriótica un concurso considerable».

Logo, falar en portugués é comenente. Pois entón, os gallegos, é en Lisboa soilo, hai mais de vinte mil, poden ser os mellores colaboradores do iberismo, precisamente pol-o seu idioma. Pol-o gallego.

E din os cursis y-os imbéciles que é uha parvada ser «amigo da fala».

Como nol-o dirá tamén *El Imparcial*, ese odioso xornal centalista organo dos trigueiros de castela, cando lle conveña.

\*\*\*

Dixéronlle algús xornalistas de Madri ó ministro da Gobernación, que no «Centro Agrario» da Corte un rapaz de 17 anos foi enganado por un «gancho», quen o levou á sala de xogo onde perdeu mil pesetas.

Cando non é a «Casa de Galicia» é o «Centro Agrario».

Hai que protestar feramente contra d'esas sociedades de tahures nas que se deshonra o nome da nosa terra.

Van sendo intolerabres.

\*\*\*

Dixo Basilio Alvarez: «Nos municipios inda hai una arrogancia plebeya; no Parlamento, unha certa solenidá: pero nas Diputacións provinciales soillo hai laberquería, caciquería en mangas de camisa, ruralismo incivil... Canto debe arrasarse».

Conformes. E conformes tamén con Unamuno que di que son niños de folgazás.

Esto é canto poñemos por comentario ás eleiçions d'agora, que nos producen noxo. Elas amosiran que lonxe estamos de tere unha soma de concencia rexional.

\*\*\*

A Diputación provincial da Cruña, nin puxo colgadas nos seus balcóns nin mandou a banda de música do Hospicio ó enterro de Chané.

Que chegue a toda Galicia este vergoñoso esquecemento voluntario.

Por eso disfroitán do 29 todol-os novos diputados.

**FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

OS MELLORES CHOCOLATES SON OS

**CHOCOLATES BRANDARIZ****QUENES OS PROBAN****NON QUEREN OUTROS**

A venda en todol-os comercios d'ultramariños de Galicia.

**Enrique Brandariz y C.<sup>a</sup>**

Ronda da Coruña, 22. — LUGO

**CONTOS GALLEGOS****— DE — ASIEUMEDRE**

Pol-a cativa cantidá de dous réas podedes ter risa unha semana enteira.

Véndese na Librería de Lino.

**LABRADORES:**

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles productos, empregade o **SULFATO DE COBRE**  
Pedide prezos e condicións ós

**Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas**

**DE****Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,  
e Canalejas, 77

**FERROL****DISPONÍBRE****DISPONÍBRE****FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL**

—><—  
Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

RUA DE PANADEIRAS, 23

**A CRUÑA****VIÑOS BRANCOS E TINTOS**

Riveiro: Arnoya fino.

Rioxa: Federico Paternina.

«Rioxa Ollauri» especial pra familias.

Botella sin casco: 0 55 ptas.

**Pedidos: W. LOSADA****HOTEL CONTINENTAL****Os "Previsores do Porvir"****SOCIEDÁ MODELO, ESPELLO DE PATRIOTISMO**


*Chegou a 40 millóns de pesetas de aforro en doce anos*

A súa representación na Cruña, ten as oficinas no número 45-2.º, da rúa Real.

**NAZONALISMO GALLEGO****A NOSA AFIRMACION REXIONAL****(2.ª EDICION)**

Libriño ben impentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos.— Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE****VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE****SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA**

Para á Habana, Veracrús, Porto Rico, Santiago de Cuba, Nova Orleans, Nova York e combinación pol-o ferrocarril para calquera punto dos Estados Unidos.

Ademite pasaxeiros de primeira (varias categorías), segunda, preferencia e terceira clás, e carga.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña****Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo**

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixá entrare a bordo.